



ANUNCIO DO SORTEO PÚBLICO ANUAL DAS LETRAS DE PRIORIDADE PARA RESOLVER OS EMPATES NO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NO CURSO 2016/17

Por Decreto 254/2012, do 13 de decembro, DOG do 26, régúlase a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e por Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15, desenvólvese o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en cumprimento do previsto no artigo 29, en relación coa disposición adicional primeira da devandita Orde do 12 de marzo, **anuncia** a celebración do acto público de sorteo no que se extraerán as letras de prioridade do primeiro e segundo apelido, para resolver os empates na puntuación das alumnas e alumnos no proceso do próximo curso 2016/17.

Día: 25 de febreiro de 2016

Hora: 11: 00 h.

Lugar: Sala de Xuntas B da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Edificio Administrativo de San Caetano, 1º andar. Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2016

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jose Manuel Pinaf Rodríguez